

# AS NEVES

Sonia Méndez, 2024

# 1290

ESTREA EN NUMAX: 10.05.2024 | V.O. | +12 | 83 min

As Neves é unha vila galega de montaña onde todos se coñecen. A noite de entroido un grupo de adolescentes celebran unha festa e dróganse con cogomelos por primeira vez. Ao día seguinte espertan cun temporal de neve e a noticia de que Paula, unha das mozas da festa, desapareceu. Mentres, a vila queda incomunicada e cae internet. Cada vez é máis urxente atopala. Iníciase unha investigación que causará un profundo cambio nas súas vidas e na súa relación co mundo.

«A cámara flúe, as interpretacións destacan por naturais»

CINEMANÍA



## Entrevista con Sonia Méndez: «É unha peli de xente boa facendo cousas malas sen querer»

Por Ana G. Liste

**Cando comezou esta historia na súa cabeza?** Vén de varios puntos, non sabería dicir cal foi exactamente o xerme. Sei que sempre quixen facer unha historia de adolescentes en Galicia e en galego. Iso tñíao clarísimo, faltábame. Non había nada no audiovisual que lles apelase, que non sei se a palabra é honesta, pero penso que faltaba ese relato. Tamén sentía moita curiosidade polo contraste entre a hiperconectividade e o illamento e coñecer máis a estas xeracións. A adolescencia en cada época ten un contexto distinto e quería explorar o que pasa con toda esa excitación adolescente, e todas esas emocións que se viven por primeira vez, nun contexto moi dixitalizado e, á vez, moi analóxico.

**De feito, chama a atención como no momento no que a vila na que sucede a historia queda sen cobertura de internet a vida volve ser como hai un século practicamente.** Hai algo pretendido no filme que ten que ver con esa volta ao analóxico, que non é pretendida, pero progresivamente o mundo dixital vai desaparecendo e de pronto non sabes exactamente en que época estás. Pero dá igual, porque quería contar como no fondo a adolescencia é a adolescencia: abúrrense igual, divírtense igual e teñen os mesmos conflitos. Que pasa se lles vas quitando os móbiles e internet e vai quedando o que é estar cos colegas e pasalo ben, que é o que queren, ou raiarse a cabeza, que tamén é algo que pode pasar cando xa non tes estímulo exteriores (...) Non só é unha peli de móbiles e redes, é unha película sobre uns rapaces vivindo unha viaxe psicolóxica na súa adolescencia que os vai levar a cambiar.

**O peso do filme está nesa rapazada protagonista, como foi o proceso de audicións ata dar co elenco? Porque foi vostede a encargada do casting tamén.** Foi moi exhaustivo. Vin a todos e todas as que quixeron vir e fun guiándome pola intuición. Progresivamente, despois de moitas probas, foi quedando esta pandilla, e traballei moito con eles. Fixemos convivencias na propia Fonsagrada nos espazos onde logo iamos rodar, fóronse facendo amigos entre eles e conseguimos xerar moita confianza deles comigo, que me permitiu saber como ir facendo a dirección de actores con cada un. Era imprescindible contar cun bo elenco porque cando as espectadoras vexan o filme xa se decatarán de que todo se sostén con eles e elas, se non funcionasen non funcionaría a película tampouco. O difícil é traballar a dirección de actores para que non pareza que están actuando e que son adolescentes reaccionando, sen máis. Isto é moi importante en películas que son moi naturalistas, como quere ser esta.

**Como vive os momentos previos a compartir o filme, porque o proceso dun filme non remata ata que se comparte coas espectadoras.** Esta é a primeira vez que vivo este proceso, e agora é como que a película vai ser da xente, e a xente levará consigo e rematará de construír en función de como a sinta e como a viva. A min gustárame que foran vela ao cinema, que se deixen levar e que visiten As Neves. Que se xere unha conversa, para min é unha película guai para ir ver cos teus fillos porque ao saír do cinema podedes manter un debate que axude a que vos comprendades mellor. A película deixa a pregunta de 'que farías ti se sendo adolescente che pasase algo así?'. Ao final, é unha peli de xente boa facendo cousas malas sen querer. Non xulga aos rapaces, ségueos e enténdeos cando os entende. Todos fomos adolescentes, pero quizá nos falta colocarnos no seu punto de vista cando somos adultos.



Na librería  
**NUMAX**  
numax.org/librería

*Twin Peaks:*  
*la serie completa,*  
David Lynch.  
Divisa [DVD]